SeminarioGalán.org

Manuel María

Día das letras galegas 2016

1º e 2º de Primaria

O ARCO DA VELLA

O arco da vella
no ceo subido
co seu colorín,
co seu colorido.

O arco da vella
con sete colores
que teñen, no ceo,
beleza de flores.



O arco da vella
no ceo chantado
co seu colorín,
co seu colorado.

O arco da vella
é un arco triunfal
con sete guerreiros
que a ninguén fan mal.

O arco da vella
de luz feito é.
¡Resulta un milagre
que siga de pé!

Manuel María: *«Os soños na gaiola»*

1º E 2º DE PRIMARIA

O ARCO DA VELLA

1.- Onde está situado o arco da vella?

2.- Cantas cores ten o arco da vella?

3.- Que é o arco da vella?

4.- A quen fan mal os sete guerreiros?

5.- De que está feito o arco da vella?

6.- Quen é o protagonista do poema?

7.- Que é, segundo o poema, o arco da vella?

O ARCO DA VELLA

8.- Completa o poema coas palabras do saco.



O arco da _____

no deo subido

co seu _____

co seu colorido.

O _____ da vella

con _____ colores

que teñen no ceo,

beleza de _____ .



O ARCO DA VELLA

9- Atopa na sopa de letras as cores do arco da vella e completa o debuxo.

U	L	A	R	A	N	X	A	K
L	V	E	R	M	E	L	L	O
A	M	A	R	E	L	O	R	B
M	X	V	I	O	L	E	T	A
R	U	R	V	N	O	C	T	G
U	R	N	E	E	N	A	A	O
I	B	O	R	A	R	Ñ	Z	I
I	B	O	D	A	R	I	U	T
T	L	D	E	A	R	L	L	S

1.- VERMELLO
2.- LARANXA
3.- AMARELO
4.- VERDE
5.- AZUL
6.- AÑIL
7.- VIOLETA



10- Atopa e copia o refrán coa axuda dos símbolos.

E	L	D	N	R	A	C	H	I	V	O



O ARCO DA VELLA

11.- Como arco, hai moitas palabras que poden significar diferentes cousas. Observa os debuxos e escribe onde corresponda.

BARRA **CARTA** **MANGO** **PLANTA**













O ARCO DA VELLA

12.- Fai un móbil do arco da vella.





SEÑOR GATO



Señor gato:
atención;
no rincón
hai un burato;
no burato
está o rato
caladiño,
acochadiño,
sen falar
nen respirar.

- Señor gato,
pon sentido,
que metido
no burato
está o rato.

- Señor gato:
está o rato
no burato
do rincón:
ten nun puño
o corazón!

- Non dubido
señor gato
bigotudo
que está o rato
no burato.
Ten as unllas
afiadas,
cravuñadas,
preparadas:
bule axiña
que senón
Señor gato
bigotón,
do burato
foxe o rato!

Manuel María: *«Os soños na gaiola»*

SEÑOR GATO

1.- Cales son os protagonistas do poema?

2.- Como é o gato?

3.- Onde está o rato?

4.- E onde está o burato?

5.- Como ten as unllas?

6.- Como remata o conto?

7.- Quen é máis listo, o gato ou o rato? Por que?

SEÑOR GATO

8.- Completa a ficha dos dous protagonistas de «Señor gato».

NOME

CARACTERÍSTICAS

NOME

CARACTERÍSTICAS



SEÑOR GATO

9.- Resolve o encrucillado usando palabras que aparecen no texto.



1.- BULE 2.- CRAVUÑADAS 3.- RINCÓN 4.- AGOCHADIÑO 5.- BIGOTÓN 6.- CORAZÓN

HORIZONTAIS

1.- Apúrate, date présa.
2.- Moi afiadas.
3.- Recuncho.
4.- Escondido.
5.- Un bigote grande.
6.- Órgano que impulsa o sangue.

SEÑOR GATO

10.- Colorea todas as palabras da familia de «gato».

GAFAS

GATIÑO

GARFO

GATA

AGATUÑAR

GATEIRA

GARAVANZO

11.- Coloca cada nome onde lle corresponda.

UNLLAS BIGOTE POUTAS RABO LOMBO ORELLAS



SEÑOR GATO

12.- Que camiño terá que seguir o gato para atopar ao rato?



O SOL

O sol chámase Lourenzo
e é un señor moi finchado
que está no outo do ceo,
todo o día rebrillando.

Vai vestido de marelo
leva chaleque encarnado.
Moi seguro de sí mesmo,
o seu calor nos vai dando.



O sol chámase Lourenzo
e é un señor moi señadado.
¡Se non fora polo sol,
estaría o mundo xeado!

Só o sol manda no ceo,
moi solemne, moi barbado.
¡As súas barbas son os raios,
con que nos vai alumando!

Manuel María: *«Os soños na gaiola»*

O SOL

1.- Que dúas cousas nos proporciona o sol?

2.- Ademais do sol, que poderiamos atopar no alto do ceo?

3.- Como vai vestido Lourenzo?

4.- Que pasaría se desaparecera o sol?

5.- O sol manda no ceo, pero... quen manda en cada un destes sitios ou lugares?

NO COLEXIO

NA NOSA CASA

NO CENTRO MÉDICO

NO PARQUE

O SOL

6.- Cantos planetas e satélites podes atopar nesta sopa de letras?

B	A	S	U	E	R	R	I
L	Ú	A	B	X	O	F	T
Z	L	T	U	A	X	E	R
M	X	U	P	I	T	E	R
R	U	R	A	N	O	C	T
U	R	N	L	E	N	B	A
I	B	O	M	A	R	T	E



LÚA
XÚPITER
URANO
SATURNO
MARTE

7.- Escribe V se é verdadeiro e F se é falso.

☐ O sol chámase Federico.

☐ Lorenzo está no outo do ceo.

☐ Leva o chaleque encarnado.

☐ Só a lúa manda no ceo.

O SOL

8.- No texto fálase de que o sol nos dá calor e sen el o mundo estaría xeado. Arrodea de vermello as cousas que dan calor e de azul as que dan frío.








9.- Imos de viaxe? Para ir á lúa precisamos, entre unha cousa e outra, cento trinta e dúas horas. Calcula cantas horas dura unha viaxe de ida e volta á lúa.





A viaxe de ida e volta á lúa dura:

O SOL

10.- Recorta e coloca a roupa axeitada para un día de verán.



11.- Escribe o nome dos seguintes reloxos.

RELOXO DE CUCO RELOXO ESPERTADOR
RELOXO DE SOL RELOXO DE AREA RELOXO DE PULSO







12.- Adiviñas...



Voa sen ás, asubía sen boca,
azota as mans e ti,
non o tocas.

É o _____ .

O SOL

13.- Fai unha pequena descrición do sol.

O SOL



14.- Adiviña.



Auga teño no meu interior
e parezo de algodón.

É a _____ .

O SOL

15.- Serás quen de localizar as vogais que se deron á fuga?

S__L ▶

L_ _R_NZ_ ▶

CH_L_Q_ _ ▶

R_BR_LL_ND_ ▶

B_RB_D_ ▶

C_L_R ▶

16.- Adiviña.

Da terra vou ao ceo
e do ceo hei de volver,
son a alma dos campos,
que os fai florecer.

É a _____ .

O BIGOTE DE MIMÍ

Fiz era un neno de sete ou oito anos. Vivía con seus pais nunha casa das aforas da vila. Unha casa xeitosa que tiña, na súa parte traseira, un xardín moi ben coidado. Tanto Fiz como seus pais eran moi amantes de todos os seres vivos, dende os bichocos máis pequenos, árbores e plantas ata os animais máis grandes e as persoas. Sabían que o amor era a cousa máis fermosa e perfecta de canto hai no mundo.

Para vixiar o xardín e máis a casa tiñan un cadeliño moi ladrador, bonito e intelixente. Chamábase Pufi.

E, para andar pola casa e tela limpa de ratos, trouxeron un gato ao que lle puxeron de nome Mimí.

Manuel María: *«O bigote de Mimí»*

O BIGOTE DE MIMÍ

Completa a ficha de Fiz.

1.- Quen é Fiz?

2.- Que lle gustaba?

3.- Onde vivía?

4.- Para que trouxeron a Mimí a casa?

5.- Como te imaxinas a Mimí?

O BIGOTE DE MIMÍ

6.- Como imaxinas o xardín de Fiz? Debúxao.

7.- Completa o encrucillado e atoparás a cousa máis fermosa e perfecta que hai no mundo.



1.- CASA 2.- MIMÍ 3.- LADRADOR 4.- RATO

HORIZONTAIS

1.- Edificio onde vivía Fiz e a súa familia.
2.- Nome do gato rateiro.
3.- Pufi, ademais de bonito e intelixente, era moi...
4.- Animal que eliminaba Mimí para manter a casa limpa.

O BIGOTE DE MIMÍ

8.- Debuxa a túa mascota preferida ou imaxina unha que te gustaría ter. Ponlle nome e indica as súas principais características.

A MIÑA MASCOTA



COMO É?

9.- Que ruído fai cada animal? Une e colorea as parellas da mesma cor.

GATO		RINCHA
BURRO		MIAÑA
CABALO		ROÑA
PORCO		ORNEA
GALIÑA		MEA
OVELLA		CACAREXA

10.- Localiza e colorea os seres vivos dos recadros.

CAN
CABALO
AREA
PLANTA
PAXARO
LAGOA
ÁRBORE
GATO
MONTAÑA
OVELLA
PEDRA
VACA